

2014

REDE GALEGA CONTRA A POBREZA



Un Terceiro Sector de Acción Social galego comprometido coa defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social

Memoria Resumen EAPN-Galicia

A **Rede Galega Contra a Pobreza, EAPN-Galicia** nace no ano 2008 xuntando os esforzos das entidades do Terceiro Sector de Acción Social en Galicia, especialmente as implicadas na loita contra a exclusión social e na defensa dos dereitos e a participación social plena de todas as persoas.

EAPN-Galicia é membro da Rede de Loita contra a Pobreza e a exclusión social no Estado Español (EAPN-Es) e forma parte da European Anti Poverty Network (EAPN), Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social, fundada no ano 1989.



EAPN Galicia defende os dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión, mediante a incidencia política e social.

E para elo, as relacións entre as persoas e as entidades que forman parte da Rede condúcense conforme aos seguintes **valores**: *independencia, participación activa, compromiso, colaboración, transparencia, innovación e representatividade*

As **prioridades estratéxicas** da Rede Galega Contra a Pobreza (EAPN Galicia) para o período 2013-2015 son as seguintes:

1. Ser interlocutor de referencia con capacidade de **incidencia en políticas sociais**
2. Liderar o proceso de **articulación do terceiro sector de acción social** en Galicia
3. Consolidar a estrutura organizativa da Rede.

Forman parte da EAPN-Galicia ¹

ACCEM Galicia *Asamblea de Cooperación pola Paz *Asociación Boa Vida Inclusión Activa *Asociación Plataforma polo Emprego * **ARELA** *Asociación de apoio a infancia e mocidade* **Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol** * **Cáritas Diocesana Tui-Vigo** * **Cáritas Diocesana Ourense** * **Cáritas Diocesana Lugo** *Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) *Ecos do Sur *Emaús Fundación Social ***Federación Autismo Galicia** *Federación Asociaciones Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) ***Federación de Asociaciones Galegas de Familiares de Alzheimer e outras Demencias (FAGAL)** *Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) *Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down *Fundación Érguete Integración *Fundación Juan Soñador *Fundación Meniños *Fundación Secretariado Xitano *Fundación Ronsel *Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3) *Médicos do Mundo

¹No mes de xaneiro fíxose efectiva a **incorporación** dunha nova entidade: ARELA (Asociación de Apoio a Infancia e Mocidade).

V ENCONTRO GALEGO DE PARTICIPACIÓN E CIDADANÍA INCLUSIVA

Cadrando coa campaña electoral para as eleccións ó Parlamento europeo, o V Encontro Galego de Participación e Cidadanía Inclusiva apostou por ser un espazo **de aprendizaxe e reflexións**



que potenciara o **empoderamento** das persoas e a súa verdadeira participación social apoiando as súas capacidades para comprender e reconducir as dificultades e problemas que afectan ás súas vidas.

Un Encontro para as persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social coas que traballamos dende as diferentes entidades sociais.

Nesta edición de 2014, os temas que vertebraron a xornada xiraron arredor da **participación política** e das **estratexias de supervivencia** no actual contexto de crise. Isto é, como as persoas mentres reivindican os seus dereitos e loitan por eles, están poñendo en práctica diferentes iniciativas e colaborando entre elas para tentar mellorar a súa situación dende a dignidade e a inclusión.

Celebrouse tamén o **primeiro debate da campaña electoral** cos candidatos dos partidos políticos que se presentaron ás eleccións europeas do 25M e que tiñan representación política no Parlamento de Galicia. O debate xerouse en torno as iniciativas e actuacións dos partidos políticos para poñer no centro da axenda europea a **loita contra a pobreza e a exclusión social**. Este debate estivo moderado pola xornalista da Televisión de Galicia, Marga Pazos.

Doutra banda, os participantes do Encontro realizaron varias fotos e video call subidos a Youtube e redes sociais con mensaxes sobre participación política de cara as Eleccións Europeas.

IV FORO SOBRE POBREZA, EXCLUSIÓN SOCIAL, TERCEIRO SECTOR E VOLUNTARIADO


O obxectivo [deste Foro](#) foi contribuír a situar a realidade da pobreza e a exclusión social en Galicia no primeiro plano da axenda política e mediática. Pero a maiores disto, tamén pretende poñer en valor o labor que realiza o Terceiro Sector de Acción Social e do voluntariado na implantación de políticas activas de inclusión social.

Analizouse a importancia que a **transparencia e a participación das persoas mais vulnerables nas políticas** que lles afecten, teñen de cara ao éxito de das actuacións de inclusión, na administración pública e no propio Terceiro Sector.

Doutra banda, analizouse o avance na implantación da Estratexia Europa 2020 a través do **Plan Operativo 2014-2020 dos Fondos Estruturais** da Unión Europea (principalmente FSE, FEDER e FEADER). Un proceso que a propia Comisión Europea establece no seu Código de Conduta e Partenariado que debe ser feito de xeito consensuado coa sociedade civil non lucrativa e organizada

Tamén se falou da mellora da a comunicación a prol da inclusión social e o empoderamento das persoas fuxindo de políticas asistencialistas e de cales son as **eivas e retos para asegurar que a Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) teña o éxito** que se pretende na **Lei de Inclusión**, presentando para elo os resultados da investigación realizada neste eido entre persoal implicado.

O Foro organizouse xunto coa Coordinadora Galega de ONGD, o CERMI Galicia e a participación de persoal experto de organizacións sociais, colexios profesionais, universidade o administracións públicas galegas especializadas na loita contra a pobreza ou na promoción dos servizos sociais e a inclusión activa.



I AGORA TERCEIRO SECTOR E VOLUNTARIADO

En paralelo ao IV Foro, estreouse [esta I Agora](#), no cal se creou un espazo no que se puxeron en contacto todas as persoas interesadas con iniciativas innovadoras e boas prácticas que existen en Galicia na loita contra a pobreza e a exclusión social e pola inclusión activa e a economía social. Co enfoque de que puidesen ser replicadas ou significar unha mellora e referente para persoas e entidades na súa loita contra a pobreza e a exclusión social, para aforrar esforzos e para ampliar o traballo en rede.



Trátase de entender a experiencia, non tanto de afondar na mesma naquel intre, deste xeito cada unha das iniciativas presentouse a varios grupos construídos por un máximo de 9 persoas, nun tempo non superior a 15 minutos entre exposición e preguntas: 6 minutos para presentar a iniciativa e 9 minutos para preguntas, tratando que só fose unha por persoa e de curta duración, para que puidesen falar todas as persoas de cada grupo.

Presentaron iniciativas: Fundación Juan Soñador, Federación Autismo Galicia, COGAMI, Fundación Secretariado Xitano, Emaus Fundación Social, Reseteando, AGASOL, Ecos do Sur, Amarante Setem, IGAXES 3 e ADICAE

I PREMIO LUCEIRA COMUNICACIÓN

EAPN Galicia, xunto coa **Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento** e o Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia), coa colaboración da Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (**AGARESO**) e de Asemblea de Cooperación pola Paz (**ACPP**) uníronse para convocar os [I Premios Luceira de Comunicación Social](#) en Galicia.

Uns premios cos que as organizacións do terceiro sector reivindicamos a necesidade de apostar por iniciativas de comunicación con vocación social.

O obxectivo dos Premios Luceira é visibilizar e poñer en valor propostas de comunicación en Galicia que están a dar cobertura ás temáticas do eido social baixo un enfoque de calidade, análise, reflexión e participación da sociedade. Ademais, con este premio preténdese motivar aos distintos medios de comunicación galegos a reflexionar sobre o tratamento informativo que están a dar actualmente sobre as temáticas sociais, aquelas que afectan directamente ás vidas das persoas.

Foron seleccionadas 17 candidaturas que cumpren catro criterios básicos. Todas elas son: iniciativas galegas, con contido social, con proxectos colectivos e con vocación informativa, analítica, reflexiva e participativa.

De entre as 17 candidaturas, tres resultaron gañadoras o portal web **Galiza Contrainfo**, que da cobertura os movementos sociais galegos, a televisión sen ánimo de lucro por Internet **Galiza Ano Cero** e a revista **Andaina** de pensamento feminista.



O acto foi presentado polo humorista Carlos Blanco. Logo da entrega de premios fíxose una mesa redonda sobre medios de comunicación social, moderada polo Decano da facultade, José Pereira, na que representantes das tres iniciativas gañadoras, xunto coa Cadea Ser e La Voz de Galicia. Este acto está enmarcado no IV Seminario 'Xornalismo social e cooperación internacional'.

CAMPAÑA DO IRPF 2014: X SOLIDARIO

O Terceiro Sector de Acción Social de Galicia, como impulsor desta Campaña, considera vital que, nun contexto de crise que afecta aos colectivos máis vulnerables e desprotexidos, se siga incrementando a recadación da cota íntegra dos contribuíntes para o recadro chamado 'Fins Sociais'².



² Durante a campaña, o Ministerio de Facenda cambiou o nome da casíña por: "Outros fins de interese xeral considerados de interese social"

O **obxectivo** da campaña é concienciar ás persoas contribuíntes sobre a necesidade de marcar o cadro de Fins Sociais na declaración da renda e aportar o 0,7% da cota íntegra a programas para os máis desfavorecidos: persoas maiores, persoas con discapacidade, infancia, mulleres, etc.

Esta campaña é unha iniciativa de ámbito estatal impulsada pola Plataforma de ONG de Acción Social. En Galicia é liderada por **EAPN-Galicia, CERMI-Galicia e a Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento**.

En 2014 o acto de presentación celebrouse o 1 de abril na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela. Contouse coa presenza de Mónica Permy, vicepresidenta de EAPN-Galicia; Anxo Queiruga, presidente do CERMI; e Lorena Seijo, membro da Coordinadora Galega de ONGD. Ademais dos representantes das entidades organizadoras, dúas das persoas usuarias dos programas financiados polo IRPF contaron a súa experiencia persoal.

SEMINARIO LEI SUBVENCIONS



As entidades de EAPN Galicia, xunto a CERMI e Coordinadora ONGD, reuníronse en Santiago para coñecer e afondar no borrador da lei de Subvencións e mostrar a súa preocupación sobre o que xa se coñecía desta lei, a cal suporía un impacto negativo sobre o Terceiro Sector, especialmente as entidades que o integran. Deste seminario, extraéronse as seguintes conclusións:

Solicitar á Plataforma do Terceiro Sector e as entidades que a integran unha defensa activa dos dereitos das entidades do Sector, en beneficio das persoas e colectivos atendidos.

Apoiar a proposta de introducir no citado Anteproxecto as disposicións necesarias para resolver os graves problemas detectados, en canto á obriga de cofinanciar as actividades, de anticipar o pago dos gastos, o réxime sancionador, e a desaparición das subvencións directas. Ao mesmo tempo, reclaman unha actualización da normativa reguladora do proceso, que permita un control máis áxil e menos burocrático, tendo en conta a obriga de acreditar o fin dos recursos obtidos.

E comprometerse a difundir a súa declaración conxunta, e apoiar os esforzos de todas as entidades por unha Lei de Subvencións que contemple a esencia das actividades que se levan a cabo, e das entidades do Terceiro Sector.

CONSULTA E INFORME POR UNHA RISGA EFECTIVA “DOS PAPEIS AS PERSOAS”

O aumento da poboación en risco de pobreza e exclusión (24,3%), a entrada en vigor da nova Lei de Inclusión 10/2013 (supón un profundo cambio na tramitación da RISGA) e as protestas que dende entidades sociais e servizos comunitarios fan á xestión desta Renda de Inserción levou a EAPN-Galicia a realizar durante o mes de xullo de 2014 unha consulta tanto a profesionais como a perceptoras da RISGA.

Tralo estudo con máis de 74 persoas (profesionais de servizos sociais ou ONG especializadas e beneficiarias) valoracións, concluíuse que a ausencia dun Regulamento de desenvolvemento da Lei de Inclusión, o insuficiente orzamento, a falta de adaptación ás necesidades actuais, os retrasos e o endurecemento dos requisitos de acceso, entre outros factores, poñen en perigo a viabilidade da RISGA como instrumento eficaz contra a exclusión social.

[Este informe](#), presentouse no IV Foro de Capacitación sobre pobreza, exclusión social, terceiro sector e voluntariado, tamén foi achegado á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. O seguinte paso deste estudo é ser presentado aos diferentes Grupos Parlamentarios e ao Valedor do Pobo.

GUIA DE MEDIOS: POBREZA, VULNERABILIDADE E VOLUNTARIADO

Esta guía de estilo foi creada como un instrumento útil de consulta rápida para que os profesionais da comunicación ofrezan unha información de calidade sobre as persoas vulnerables e en situación de pobreza.

É [unha guía sinxela](#) que está pensada para recorrer a ela e solucionar dúbidas puntuais como: Que é “pobreza” e que é “exclusión”? Cómo se miden a pobreza e a exclusión?...etc. Fálanos sobre os indicadores principais sobre pobreza (AROE, Taxa risco pobreza...) Tamén tenta facilitar prácticas e xeitos de comunicar sobre pobreza e exclusión.





Esta guía foi editada e presentada a debate con persoas da profesión de xornalismo.

A guía está a ser presentada publicamente ante os medios, comezando pola realización dun Almorzo informativo con xornalistas e os membros do Grupo de Comunicación de EAPN Galicia na Facultade de Ciencias da Comunicación en Santiago.

ELECCION DE LIDERES EUROPEOS PARA UNHA EUROPA SOCIAL



Con motivo das eleccións europeas do 25 de Maio de 2014 EAPN-Galicia, xunto a EAPN Europa e EAPN España, [presentaron a campaña](#) “Elección de líderes para una Europa Social. Libre de pobreza, exclusión social y desigualdades”

Unha iniciativa que se realiza tamén a nivel estatal e europeo e coa

que pretenden animar á cidadanía a que exerza o seu dereito ao voto.

Dende EAPN Galicia reclamouse que se cumpra a normativa tanto de transparencia e Código de conduta de participación das organizacións e plataformas da sociedade civil na planificación, execución, seguimento e avaliación dos fondos europeos que se perciban en Galicia, como a que establece que do Fondo Social Europeo (FSE), o estado español debería destinar un 20% a medidas para a erradicación da pobreza e da exclusión social.

No Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER) tamén se establece como prioridade a loita contra a pobreza e a exclusión social. EAPN Galicia reclama que se destine un mínimo do 10% de cada unha das partidas a programas e equipamentos de inclusión social activa e accesibilidade,

especialmente no eido rural e primando ao sector non lucrativo e a contratación de persoas en risco de pobreza ou exclusión social .

No marco desta campaña fixéronse varias actuacións entre as cales destácase:

- A elaboración dun [spot publicitario](#) con difusión en medios e redes sociais.
- Entrevistas con candidatos as eleccións europeas, os cales se lles propuxo [decálogo de medidas](#) para asegurar que a loita polos dereitos sociais e contra a pobreza, a exclusión social, a desigualdade e a discriminación se sitúen no centro da axenda política.
- No marco do Encontro de Participación dedicado a estas eleccións europeas xunto co seu debate electoral acerca das iniciativas e actuacións dos partidos políticos pola loita contra a pobreza e a exclusión social.

TALLER TIC, INFOGRAFÍAS E VOLUNTARIADO EN REDE PARA A ACCIÓN E O CAMBIO SOCIAL

Neste taller presentáronse varias ferramentas da web social que son accesibles, gratuítas, doadas de utilizar como: blogues, redes sociais, xestión de base social, e especialmente planificación e deseño de infografías, etc. Así como experiencias exitosas de comunicación neste eido.

Estivo destinado a profesionais de entidades, voluntariado e persoas en risco de pobreza ou exclusión social ou pertencentes a calquera entidade sen ánimo de lucro que tivesen interese no uso das novas tecnoloxías e redes sociais, co fin de mellorar a acción voluntaria na loita contra a pobreza e por unha inclusión activa. A este taller asistiron 17 persoas e a valoración do mesmo por parte destes foi moi positiva.



CAMPAÑA #DEREITOS365: Optimismo e ilusión contra a pobreza e a exclusión social



No Nadal, e co liderado do Grupo de Comunicación de EAPN Galicia [lanzouse esta campaña](#) de comunicación co obxectivo de trasladar á opinión pública que as persoas en situación de pobreza e exclusión están vendo vulnerados os seus dereitos, pero non por isto deixan de telos.

Baixo a etiqueta #Dereitos365, buscouse lembrar a necesidade de facerlle fronte á exclusión social diariamente, non só

durante o nadal.

Dende mediados de decembro e durante todo o Nadal, sucedéronse mensaxes en blogues, redes sociais e webs de todas as persoas e as entidades de acción social galegas que apelaron á defensa dos dereitos sociais e a loita contra a exclusión a través da implicación de todas e todos axudando do xeito que consideren oportuno pero sobre todo aportando ideas en positivo sobre como loitar cada un de nos pola dignidade e contra a pobreza e a exclusión social nas datas de Nadal, pero sobre todo durante o resto do ano.

**17 de Outubro. DIA
INTERNACIONAL PARA
A ERRADICACION DA
POBREZA**

Realizouse un acto co Valedor do Pobo no que diante de representantes de todos os grupos políticos do Parlamento galego, leuse un manifesto no que se lle da relevancia as principais conclusións que se extraeron da implicación en diferentes xuntanzas de participación a nivel galego, estatal e Europeo con persoas en risco de pobreza e exclusión.



CREANDO ALIANZAS E PARTICIPANDO EN FOROS

Co obxectivo de establecer **novas alianzas** entre entidades e organismos cos que se comparten intereses e puntos en común, realizáronse entrevistas, actuacións e contactos para achegarse a todo tipo de actores: Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de Xornalismo,



Facultade de Traballo Social), Universidade de Vigo, Colexio de Traballo social, CERMI Galicia, Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, Fundación NovaCaixa Galicia ou UNICEF Galicia

Seguindo a liña estratéxica de ser un interlocutor de referencia e dar a coñecer a entidade e as súas actuacións EAPN-Galicia estivo presente en **foros** como:

- Xornadas “A situación actual e perspectivas laborais da xuventude galega” organizadas polo Consello Económico e Social de Galicia (CES) e o Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA);
- Debate organizado por V Televisión sobre a pobreza infantil;
- Foro organizado polo PSdeG-PSOE Pontevedra sobre situación das rendas mínimas
- IV Seminario de “Xornalismo e Cooperación Internacional” organizado pola Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) e a ONG Asamblea de Cooperación pola Paz (ACPP).
- Ponencias en Escola Universitaria Traballo Social (USC), Facultade de Ciencias da Educación (Grao Traballo Social), Concello de Vigo (programa Impórtanos), etc

INCIDENCIA POLITICA

Fíxose un labor esencial á hora de **trasladar ás administracións públicas e aos partidos políticos** as nosas **propostas** en diferentes temas que afectan a EAPN-Galicia, as súas entidades membro e sobre todo ás persoas en risco de exclusión e pobreza. Tanto entrevistas a nivel político coa [Consellería de Traballo](#), como a nivel técnico con departamentos da consellería.

Participación na elaboración da estratexia de inclusión social 2014-2020 a través da Consellería de Traballo e Benestar: Fixéronse 60 propostas das cales aceptáronse 27 totalmente e 20 de xeito parcial.

Participación no Consello Galego de Benestar.

Interlocución co Parlamento Europeo e coa Comisión Europea:

Recibida a invitación por parte dos grupos parlamentarios Compromiso por Galicia(CxG) e o Partido Nacionalista Vasco (PNV) para visitar o Parlamento Europeo e coñecer o procedemento de consultas a Comisión europea. Realizouse unha pregunta á Comisión sobre o cumprimento do Código de Conducta e participación en



Galicia, e a solicitude reiterada e non respondida pola Xunta de Galicia para que EAPN Galicia teña presenza no Comité de Seguimento dos diversos Fondos Estruturais que se reciban na comunidade galega (nomeadamente FSE, FEDER e FEADER) en todo o proceso de planificación, xestión, seguimento e avaliación.

A resposta da Comisión permitiu tamén unha interlocución directa coa Dirección General de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Comisión Europea que reforza a nosa demanda de participar no Comité de Seguimento dos FFE en Galicia.

Debate do Estado de Autonomía 2014. Mantivéronse entrevistas cos Grupos Parlamentarios de BNG e PSdeG-PSOE e interlocución con Partido Popular e AGE para que as medidas propostas por EAPN Galicia contra a pobreza e a exclusión social tiveran presenza no debate.

CONSOLIDÁNDONOS COMO REDE

Grupo de Participación: Organización de Foro, Agora e Encontro de Participación (Santiago, Murcia e Bruselas) e exposición “PRIORIDADE 1: POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL” en Pontevedra e Vilagarcía.

Grupo de Comunicación: Guía Pobreza e exclusión, Premios Luceira, campaña #Dereitos365, taller TIC, infografías e voluntariado, campaña X Solidario, elaboración e difusión comunicados conxuntos.

Grupo de Desenvolvemento Normativo. Consulta e Informe *Por unha RISGA efectiva*, Propostas Estratexia Inclusión Social 2014-2020, cláusulas sociais na contratación pública.



Grupo de Fondos Estruturais.

Documento específico demandas en planificación FFEE, incidencia con Consellería de Facenda, pregunta a Comisión Europea



Plan de Voluntariado,

elaboración e posta en marcha, coa incorporación de 4 persoas voluntarias en

actividades puntuais como: Encontro de Participación, Foro e Agora, consulta e informe “*Por unha risga efectiva. Dos papeis as persoas*” ou elaboración do Código Conduta Comunicación

Reforzouse a área de **Comunicación Interna e Externa**, ademais de polo esforzo e eficiencia do Grupo de Comunicación pola incorporación durante 6 meses dunha responsable de Comunicación, grazas á obtención dunha ‘Subvención para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación de entidades sen animo de lucro’.

www.pobreza.gal Ademais da posta en marcha da nova web, co requisito de máxima integración nas redes sociais, acadáronse os dominios pobreza.gal e pobrezagalicia.org para facilitar a localización da páxina e os seus contidos.

Neste apartado, mencionar a mellora cualitativa e cuantitativa en **redes sociais**. Rexistrouse un aumento no número de seguidores en **Facebook** de 723 (445 en 2013). No caso de **Twitter**, 926 (610 en 2013), así mesmo, conseguiu superarse o número de entradas diarias a estas dúas redes sociais.



En xaneiro de 2014 fíxose efectiva a incorporación de **unha nova entidade** en EAPN-Galicia polo que, no conxunto, estaríamos falando de 126 entidades de primeiro nivel e de 21 entidades de xeito directo.

